

0%

R

con

texto
comarcal

3.1

ámbito demográfico

3.1.1. Poboación

Táboa 1: Poboación comarcal en 2007. Total, participación e tendencia 2003-2007.


Comarcas	Total	Participación %	Tendencia 2003-2007 %
Vigo	418.025	15,1	1,3
A Coruña	384.616	13,9	2,3
Ferrol	162.929	5,9	-0,6
Santiago	156.833	5,7	3,4
Ourense	144.236	5,2	-0,1
Pontevedra	121.275	4,4	1,5
Lugo	117.389	4,2	1,5
O Salnés	109.283	3,9	2,2
O Morrazo	82.314	3,0	1,2
Bergantiños	69.960	2,5	-0,7
Barbanza	67.205	2,4	0,8
O Baixo Miño	49.516	1,8	3,8
A Terra Chá	45.939	1,7	-2,2
Deza	44.870	1,6	-1,7
O Condado	41.714	1,5	4,3
Betanzos	39.261	1,4	0,1
Ordes	38.412	1,4	0,0
Noia	36.144	1,3	-1,0
Caldas	35.108	1,3	-0,2
Terra de Lemos	33.839	1,2	-2,7
A Mariña Central	30.421	1,1	0,4
O Carballiño	29.759	1,1	-0,4
Valdeorras	28.740	1,0	-1,0
Tabeirós-Terra de Montes	28.738	1,0	-1,2
Verín	28.548	1,0	-1,0
A Mariña Occidental	27.443	1,0	-0,3
Eume	27.309	1,0	-2,1
Sarria	25.279	0,9	-1,3
Fisterra	23.966	0,9	-1,9
A Limia	23.918	0,9	-1,8
Terra de Celanova	21.636	0,8	-1,6
Terra de Soneira	20.188	0,7	-3,0
O Ribeiro	19.655	0,7	-2,5
Arzúa	18.084	0,7	-2,6
A Mariña Oriental	17.372	0,6	0,4
O Sar	17.117	0,6	-1,3
A Paradanta	16.796	0,6	-2,2
Xallas	15.767	0,6	-3,1
Chantada	15.573	0,6	-4,1
Ortegal	15.218	0,5	-4,0
Allariz-Maceda	15.015	0,5	-1,0
Muros	14.948	0,5	-2,3
Terra de Melide	13.709	0,5	-2,3
Os Ancares	12.483	0,5	-5,6
A Barcala	11.126	0,4	-2,0
A Ulloa	10.337	0,4	-3,4
Baixa Limia	9.014	0,3	-3,2
Viana	7.158	0,3	-3,3
A Fonsagrada	6.628	0,2	-4,3
Quiroga	6.441	0,2	-5,4
Meira	6.032	0,2	-3,8
Terra de Trives	5.218	0,2	-5,4
Terra de Caldelas	4.029	0,1	-5,3
Galicia	2.772.533	100,0	0,5

Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.

Unha das primeiras características da distribución da poboación no conxunto do territorio galego é a alta concentración que se produce naquelas comarcas con núcleos urbanos. Deste xeito, o 29% da poboación atópase nas comarcas de Vigo e da Coruña, situándose a continuación as de Ferrol, Santiago e Ourense, con porcentaxes en torno ao 5%. Ademais destas comarcas, tamén destaca o peso específico acadado por Pontevedra, Lugo, O Salnés e O Morrazo.


A asimetría na distribución da poboación reflíctese no escaso peso porcentual que posúen algunhas comarcas: 21 comarcas non superan os 20.000 habitantes no ano 2007.

Gráfica 1: Comarcas con maior e menor variación de poboación no período 2003-2007



Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.

Gráfica 2: Evolución das dez comarcas con maior e menor poboación e do total de Galicia. Período 2003-2007.



Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.

A evolución da poboación no conxunto de Galicia foi relativamente baixa, do 0,5% no período 2003-2007. O incremento deriva do comportamento globalmente positivo das dez comarcas máis poboadas, 1,4%. Dentro destas comarcas destaca, sobre todo, o incremento de Santiago e da Coruña, 3,4% e 2,3%; e, polo lado negativo, o estancamento de Ourense e o leve descenso de Ferrol e Bergantiños, -0,6% e -0,7% respectivamente.

A evolución negativa das comarcas con menor volume de poboación acentúa a tendencia a unha distribución desigual. Das 21 comarcas con menos de 20.000 habitantes tan só A Mariña Oriental aumenta moi levemente a súa poboación, 0,4%; as maiores perdas aparecen na comarca dos Ancares, Terra de Trives, Quiroga e Terra de Caldelas, con decaementos por debaixo do -5% no período 2003-2007.

Dentro das comarcas intermedias, sobresaen os aumentos acontecidos no Condado e no Baixo Miño, 4,3% e 3,8%, e os descensos de dúas comarcas da provincia de Lugo, Terra de Lemos e A Terra Chá, -2,7% e -2,2% respectivamente.

Táboa 2: Poboación comarcal por grupos de idade. Peso relativo 2007.

Comarcas	Peso relativo						
	Menores 16	16-25	26-35	36-45	46-55	56-65	Maiores 65
Vigo	14,0	13,6	15,8	15,9	13,7	11,5	15,5
A Coruña	12,8	12,2	15,5	16,2	13,7	12,1	17,4
Ferrol	11,3	12,0	14,3	14,5	13,9	12,6	21,3
Santiago	13,8	13,5	15,6	16,5	14,2	10,9	15,6
Ourense	12,3	12,7	13,5	14,9	13,5	11,9	21,3
Pontevedra	14,2	13,7	15,3	15,4	13,5	11,0	16,9
Lugo	12,2	12,6	13,6	15,8	14,0	11,0	20,8
O Salnés	14,6	14,1	15,6	15,0	12,8	11,2	16,8
O Morrazo	14,4	14,2	16,0	16,0	13,4	10,8	15,3
Bergantiños	11,3	12,7	13,4	14,5	13,8	12,8	21,5
Barbanza	14,7	13,6	14,9	15,6	12,4	10,9	17,8
O Baixo Miño	14,6	13,9	15,2	15,1	13,0	10,8	17,4
A Terra Chá	8,8	11,3	11,0	13,7	13,0	11,9	30,3
Deza	10,4	12,6	12,7	13,9	13,1	12,1	25,1
O Condado	14,5	13,1	16,0	15,1	12,2	10,5	18,4
Betanzos	9,9	11,3	12,8	14,2	13,3	12,7	25,7
Ordes	11,0	12,9	14,4	14,2	13,7	12,2	21,6
Noia	11,8	13,0	13,3	14,0	13,1	12,9	21,9
Caldas	13,2	14,0	14,6	14,3	12,9	11,3	19,7
Terra de Lemos	8,8	10,1	10,4	12,4	12,5	12,2	33,7
A Mariña Central	10,5	12,9	13,7	14,3	13,9	11,8	23,0
O Carballiño	9,0	10,7	12,1	12,3	11,9	13,4	30,5
Valdeorras	12,0	12,3	12,3	14,5	13,4	11,1	24,5
Tabeirós-Terra de Montes	10,5	11,8	13,2	13,5	11,9	12,8	26,4
Verín	9,8	11,1	10,9	12,3	13,1	13,1	29,6
A Mariña Occidental	10,8	12,9	13,8	13,7	14,0	12,0	22,7
Eume	10,4	13,6	13,9	14,9	15,2	11,9	20,1
Sarria	9,2	11,3	11,7	13,2	13,4	12,1	29,0
Fisterra	11,9	12,9	13,0	14,3	13,9	13,4	20,6
A Limia	8,7	10,3	10,7	11,7	12,2	13,8	32,6
Terra de Celanova	7,2	9,2	10,1	11,3	11,3	14,5	36,3
Terra de Soneira	11,1	12,8	12,2	13,9	13,9	13,5	22,7
O Ribeiro	7,8	10,4	10,8	11,9	12,6	14,3	32,2
Arzúa	10,1	12,1	11,2	14,4	13,6	11,7	27,1
A Mariña Oriental	9,9	11,3	12,5	14,2	13,5	11,8	26,9
O Sar	11,7	13,9	14,1	14,3	12,9	12,2	20,8
A Paradanta	8,3	10,4	11,5	13,6	13,3	13,6	29,3
Xallas	10,4	12,9	12,6	13,0	13,3	13,7	24,1
Chantada	8,7	10,3	10,4	13,0	12,8	12,1	32,7
Ortegal	7,5	10,6	11,4	12,8	13,2	13,8	30,6
Allariz-Maceda	8,4	9,9	11,1	12,4	12,1	13,1	33,0
Muros	10,6	12,3	12,2	13,3	13,2	13,9	24,6
Terra de Melide	10,1	11,7	11,9	14,1	12,7	12,2	27,3
Os Ancares	6,8	10,4	9,9	11,5	12,9	13,3	35,2
A Barcala	8,3	11,7	13,8	13,5	12,7	14,1	25,9
A Ulloa	8,7	10,5	10,3	12,5	11,4	12,0	34,7
Baixa Limia	5,6	8,8	9,5	11,0	11,9	15,0	38,2
Viana	7,4	10,8	10,3	11,5	12,7	13,5	33,9
A Fonsagrada	6,6	9,8	9,1	12,9	12,9	11,9	36,8
Quiroga	6,4	9,8	10,1	11,2	12,6	13,1	36,8
Meira	7,7	10,3	10,9	12,6	11,7	13,1	33,6
Terra de Trives	6,9	9,3	9,2	11,6	13,0	12,2	37,8
Terra de Caldelas	5,6	7,5	9,1	10,4	11,5	13,1	42,8
Galicia	12,2	12,7	14,2	14,9	13,4	11,9	20,6

Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.


Se analizamos a poboación segundo os intervalos de idade, observamos no conxunto de Galicia que o grupo con maior peso porcentual é o das persoas maiores de 65 anos, 20,6%, seguido polo das comprendidas entre os 26 e 45 anos; ambos suman conxuntamente o 29,1%.

A poboación maior de 65 anos tende a aumentar na medida en que descende o continxente de menores de 26 anos. Esta situación é máis notoria nas comarcas menos poboadas de Galicia, que se sitúan na parte oriental das provincias de Lugo e Ourense.

Os grupos de idade máis novos, os correspondentes á poboación menor de 26 anos, obteñen unha maior representación naquelas comarcas da franxa occidental galega, como se pode observar no mapa anterior, o que sinala un comportamento diferencial con respecto á franxa oriental. Tanto é así que na franxa occidental tan só as comarcas da Barcala e Ortegal teñen porcentaxes por debaixo do 20%. En cambio, na oriental, as comarcas de Lugo, Ourense, as tres da zona da Mariña lucense, Valdeorras e Verín teñen porcentaxes superiores ao 20%.

O Salnés, O Morrazo e O Baixo Miño teñen as porcentaxes máis altas de poboación menor de 26 anos, con valores respectivos de 28,7%, 28,6% e 28,5%. No lado oposto, Terra de Caldelas e Baixa Limia obteñen, para estes intervalos de idade, as porcentaxes máis reducidas, do 13,1% e 14,4%.

Mapa 1: Porcentaxe de poboación menor de 26 anos. 2007




Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.

Táboa 3: Poboación comarcal por grupos de idade. Tendencia 2003-2007.

Comarcas	Tendencia 2003-2007						
	Menores 16	16-25	26-35	36-45	46-55	56-65	Maiores 65
Vigo	0,4	-9,9	1,6	3,9	3,1	7,7	4,7
A Coruña	3,2	-9,3	2,1	6,1	3,3	5,7	4,9
Ferrol	0,2	-13,5	0,6	0,8	1,9	3,2	2,0
Santiago	2,8	-7,6	4,9	5,1	6,0	10,0	4,3
Ourense	-1,0	-9,6	0,3	0,2	3,5	3,3	2,4
Pontevedra	1,4	-10,2	2,4	3,9	5,0	7,0	3,5
Lugo	-1,7	-6,5	2,2	2,4	7,3	3,7	3,0
O Salnés	0,4	-9,0	4,5	5,8	4,5	5,8	5,1
O Morrazo	0,2	-10,9	1,2	3,8	6,7	5,3	5,2
Bergantiños	-3,5	-12,0	-0,2	-0,5	4,0	3,2	3,1
Barbanza	-0,8	-9,2	0,6	5,2	4,5	2,3	3,9
O Baixo Miño	2,7	-6,9	5,7	6,9	8,0	7,2	4,6
A Terra Chá	-10,2	-7,0	-3,6	-2,6	6,3	-4,4	0,4
Deza	-6,4	-7,6	-0,5	-0,5	1,6	-0,2	0,1
O Condado	7,8	-7,3	7,5	11,4	6,6	4,1	1,5
Betanzos	-1,8	-9,6	-0,8	3,9	3,8	3,3	0,6
Ordes	-5,5	-9,9	3,8	0,0	4,0	3,0	3,1
Noia	-5,3	-11,1	-0,9	1,9	1,4	2,9	2,8
Caldas	-3,2	-10,4	1,7	2,5	5,0	3,1	1,8
Terra de Lemos	-5,2	-10,0	-2,6	-3,4	4,4	-1,6	-2,3
A Mariña Central	-1,8	-7,7	5,0	0,5	5,0	1,8	0,3
O Carballiño	-3,2	-8,5	1,8	4,0	0,5	0,3	0,3
Valdeorras	-4,9	-7,0	-2,9	-1,8	8,5	-0,1	0,6
Tabeirós-Terra de Montes	-3,5	-11,5	0,2	3,8	0,3	1,0	-0,1
Verín	-6,3	-7,7	-0,1	-2,4	4,8	-0,7	1,4
A Mariña Occidental	-2,5	-11,3	4,6	-1,9	3,1	2,2	2,5
Eume	-6,2	-13,1	-0,4	-3,7	3,4	4,2	1,3
Sarria	-4,9	-7,8	0,6	-4,0	4,0	0,2	0,1
Fisterra	-7,5	-11,7	-3,5	-1,7	2,8	2,5	3,9
A Limia	-6,6	-9,6	-1,7	0,5	1,0	-2,1	0,5
Terra de Celanova	-7,4	-10,4	-2,0	3,7	0,7	-2,1	0,2
Terra de Soneira	-9,2	-11,8	-3,5	-3,1	1,5	0,8	1,6
O Ribeiro	-8,9	-10,1	-2,8	-1,2	0,6	1,6	-1,3
Arzúa	-9,7	-9,3	-4,8	-3,7	5,1	-2,2	1,3
A Mariña Oriental	1,6	-8,1	2,6	0,4	7,1	0,9	-0,3
O Sar	-4,6	-11,9	2,0	0,8	1,3	2,1	1,8
A Paradanta	-4,9	-11,5	-3,0	-0,4	2,1	0,0	-1,3
Xallas	-9,2	-11,4	-2,2	-2,9	-2,0	3,2	0,0
Chantada	-9,7	-10,2	-5,4	-3,2	4,6	-5,0	-3,3
Ortegal	-11,5	-15,1	-5,4	-3,1	0,4	-2,7	0,1
Allariz-Maceda	-3,8	-9,8	0,4	3,2	2,2	1,3	-1,4
Muros	-6,0	-13,6	-1,9	-1,6	-0,7	0,5	3,0
Terra de Melide	-8,0	-11,1	-4,0	-1,3	3,4	1,1	0,4
Os Ancares	-14,8	-11,4	-4,3	-7,1	-0,4	-4,0	-4,1
A Barcala	-11,2	-12,1	2,0	2,4	-1,9	2,9	-0,4
A Ulloa	-6,8	-8,9	-4,9	-1,2	1,9	-3,9	-2,6
Baixa Limia	-14,7	-10,2	-4,5	1,2	-1,6	-0,8	-1,8
Viana	-12,3	-10,1	-2,1	-6,3	2,5	-2,2	-0,6
A Fonsagrada	-15,0	-8,8	-9,2	-6,6	6,7	-8,7	-0,6
Quiroga	-15,1	-15,3	-4,2	-4,1	-2,2	-2,1	-3,4
Meira	-13,1	-10,9	-5,5	-1,5	-1,3	-2,8	-0,5
Terra de Trives	-14,7	-12,7	-7,3	-7,0	2,1	-4,8	-3,2
Terra de Caldelas	-14,3	-13,9	-4,7	-5,9	0,9	-4,9	-3,9
Galicia	-0,8	-9,7	1,4	2,7	3,8	3,9	2,4

Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.

Gráfica 3: Evolución das dez comarcas con maior e menor poboación e do conxunto de Galicia segundo os intervalos de idade. Período 2003-2007



Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.


No período 2003-2007, e no conxunto de Galicia, a poboación descende nos intervalos de idade máis novos, sendo salientable o retroceso acadado polo grupo de 16 a 25 anos, -9,7%, unha tendencia común entre as comarcas con maior e menor poboación. Entre estas dez comarcas máis poboadas destacan os descensos para este intervalo de idade en Ferrol, -13,5%, e Bergantiños, -12%. Entre as dez comarcas menos poboadas cabe destacar o retroceso de Quiroga, -15,3%.

A tendencia negativa en Galicia para o grupo de menos de 16 anos é claramente máis marcada nas comarcas menos poboadas, onde é preciso sinalar os retrocesos acontecidos en Quiroga, -15,1%, e A Fonsagrada, -15%.

Os restantes grupos de idade incrementaron o seu volume durante estes anos, sobre todo grazas ao repuntamento que experimentou nas comarcas máis poboadas, xa que nas que contan con menor poboación predominan as tendencias quinquenais decrecentes.

3.1.2. Indicadores demográficos

Mapa 2: Índice de recambio de poboación activa. 2007



Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.

O índice de recambio da poboación activa establece unha relación entre o grupo de poboación en idade de abandonar a actividade económica (60-64 anos) e o grupo con potencial para ser incorporado a esa actividade (20-24 anos). Se o índice acada valores por debaixo de 100, isto indica que un territorio ten maior volume de poboación de 20 a 24 anos que a comprendida entre os 60 e os 64 anos, e que, polo tanto, ten maior capacidade de recambio da poboación activa. En cambio, se o valor se sitúa moi por riba de 100, ese territorio terá maiores dificultades de recambio, debido á prevalencia clara da poboación de 60 a 64 anos sobre a de 20 a 24 anos.

Para o ano 2007 o valor galego é do 102,4, o que sinala que a poboación en idade de abandonar a actividade económica é lixeiramente superior á poboación susceptible de se incorporar.

No mapa número 2 pódese observar como os valores máis baixos acadados por este índice tenden a concentrarse nas comarcas máis poboadas, destacando o eixe que une as comarcas de Santiago e Vigo, aínda que non se pode obviar o caso da Mariña Central, Eume e de Lugo.

Os valores máis altos do índice, que indicarían dificultades para o recambio da poboación activa, teñen maior incidencia nalgunha das comarcas da provincia de Ourense, como Terra de Caldelas, Terra de Celanova e Baixa Limia. Pola contra, os valores máis baixos correspóndenlle á comarca de Santiago, 83,4%, e á do Morrazo, 84,8%.

Táboa 4: Idade media da poboación. 2006.

Comarcas	Idade Media		
	Total	Homes	Mulleres
Vigo	41,2	39,5	42,8
A Coruña	42,8	41,1	44,3
Ferrol	44,9	43,1	46,5
Santiago	41,4	39,7	42,9
Ourense	44,5	42,8	46,0
Pontevedra	41,6	39,7	43,4
Lugo	44,2	42,6	45,6
O Salnés	41,2	39,6	42,7
O Morrazo	40,6	39,1	42,0
Bergantiños	44,8	43,3	46,4
Barbanza	41,6	40,1	43,0
O Baixo Miño	41,5	40,0	43,0
A Terra Chá	49,4	47,8	51,0
Deza	46,8	45,2	48,2
O Condado	42,1	40,1	44,0
Betanzos	47,4	45,5	49,2
Ordes	44,8	43,2	46,4
Noia	44,8	42,7	46,7
Caldas	42,9	40,8	44,9
Terra de Lemos	51,4	49,7	53,0
A Mariña Central	45,9	44,2	47,4
O Carballiño	49,8	47,5	51,8
Valdeorras	45,9	44,5	47,3
Tabeirós-Terra de Montes	47,3	44,9	49,3
Verín	49,0	47,9	50,2
A Mariña Occidental	45,5	44,0	46,9
Eume	44,5	43,3	45,6
Sarria	49,0	47,6	50,3
Fisterra	44,4	43,0	45,8
A Limia	50,9	49,2	52,5
Terra de Celanova	53,3	50,9	55,5
Terra de Soneira	45,7	43,9	47,5
O Ribeiro	51,4	48,8	53,9
Arzúa	47,6	45,8	49,3
A Mariña Oriental	47,9	46,3	49,4
O Sar	44,1	42,1	45,9
A Paradanta	49,9	47,2	52,4
Xallas	46,5	44,5	48,4
Chantada	50,9	48,9	52,9
Ortegal	50,3	48,2	52,3
Allariz-Maceda	51,3	49,2	53,3
Muros	46,5	44,3	48,5
Terra de Melide	47,7	46,2	49,1
Os Ancares	52,7	51,8	53,7
A Barcala	48,2	46,2	50,1
A Ulloa	51,6	49,9	53,3
Baixa Limia	54,6	52,5	56,6
Viana	51,9	50,4	53,5
A Fonsagrada	53,0	51,7	54,3
Quiroga	53,4	51,4	55,4
Meira	51,3	49,6	53,0
Terra de Trives	53,9	52,2	55,6
Terra de Caldelas	56,9	54,5	59,4
Galicia	44,1	42,4	45,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos Indicadores demográficos. IGE.

As comarcas con menor idade media son O Morrazo, 40,6, e Vigo e O Salnés, 41,2. En cambio, as maiores idades medias corresponden a Terra de Caldelas, 56,9, e Baixa Limia, 54,6.


Como se pode observar, a idade media permite ver o maior envellecemento das comarcas menos poboadas, onde para algunha delas a idade media ascende por riba de 10 anos de diferenza con respecto a comarcas como Vigo, Santiago ou A Coruña.

Ademais, comparando a idade media do Morrazo coa obtida por Terra de Caldelas, obsérvase unha diferenza de 16,3 anos, o que reflicte as diverxencias nas pautas de envellecemento das diversas comarcas galegas.

A idade media das mulleres está por riba da dos homes: 45,7 fronte a 42,4 anos. Esta tendencia a un maior envellecemento das mulleres é común a todas as comarcas galegas.


A idade media da poboación en Galicia é de 44,1 anos. Esta idade media é máis alta no caso das dez comarcas menos poboadas, 52,75, que no das dez máis poboadas, 42,72.

Gráfica 4: Idade media da poboación das dez comarcas máis poboadas, das dez menos poboadas e de Galicia. 2006.



Fonte: Elaboración propia a partir dos Indicadores demográficos. IGE.

Mapa 3: Índice de envelhecimento.2006.



Fonte: Elaboración propia a partir dos Indicadores de Poboación do IGE.

O índice de envelhecimento da poboación expresa a relación entre as persoas maiores de 64 anos e as menores de 20 anos, permitindo ver a importancia do volume de persoas maiores en cada comarca. O valor deste índice en Galicia é de 133,5, o que indica un maior peso da poboación maior de 64 anos en relación coa de menos de 20 anos. É dicir, por cada cen persoas novas hai 133 que superan a idade de xubilación.

Tan só hai sete comarcas onde o índice se sitúa por debaixo de 100, concretamente a zona configurada polas comarcas de Barbanza, Salnés, Pontevedra, O Morrazo, Vigo e O Baixo Miño, xunto coa comarca de Santiago, que se contraponen á tendencia xeral das outras comarcas, que contan con maior presenza de maiores de 64 anos, e, polo tanto, acadan valores por riba de 100 no índice de envelhecimento.

Dentro das comarcas con maior volume de poboación, destaca o maior valor do índice en Bergantiños, Ferrol, Ourense e Lugo, o que sinala unha situación de envelhecimento máis marcada nestes territorios.

Os índices de envelhecimento máis altos rexístranse entre as comarcas menos poboadas; destacan, tal como pasaba no índice de recambio da poboación activa, Terra de Caldelas, 596,4, e Baixa Limia, 469,1.

Táboa 5: Índices de dependencia xuvenil e senil. 2006.

Comarcas	Índice de dependencia xuvenil	Índice de dependencia senil
Vigo	27,6	24,6
A Coruña	24,8	27,8
Ferrol	23,2	35,1
Santiago	27,0	24,8
Ourense	26,2	35,6
Pontevedra	28,7	27,4
Lugo	26,3	34,7
O Salnés	30,1	27,6
O Morrazo	28,7	24,4
Bergantiños	24,5	35,4
Barbanza	30,5	29,8
O Baixo Miño	30,7	29,2
A Terra Chá	22,8	56,3
Deza	24,5	44,2
O Condado	29,4	31,4
Betanzos	22,3	44,9
Ordes	24,2	35,9
Noia	26,1	36,5
Caldas	28,4	33,2
Terra de Lemos	22,7	66,3
A Mariña Central	23,6	39,2
O Carballiño	22,4	57,2
Valdeorras	27,6	43,5
Tabeirós-Terra de Montes	24,1	47,0
Verín	24,1	54,6
A Mariña Occidental	23,6	38,2
Eume	22,1	32,2
Sarria	21,9	52,0
Fisterra	25,8	33,8
A Limia	21,8	61,8
Terra de Celanova	19,2	72,7
Terra de Soneira	25,5	38,5
O Ribeiro	19,1	60,2
Arzúa	24,2	47,6
A Mariña Oriental	22,1	47,5
O Sar	25,7	34,5
A Paradanta	20,2	52,9
Xallas	24,5	41,3
Chantada	22,3	62,8
Ortegal	18,7	54,5
Allariz-Maceda	20,6	63,0
Muros	23,9	41,8
Terra de Melide	24,8	49,5
Os Ancares	18,7	68,0
A Barcala	19,7	44,9
A Ulloa	23,2	69,8
Baixa Limia	16,5	77,4
Viana	20,2	65,4
A Fonsagrada	19,2	72,5
Quiroga	18,1	71,9
Meira	20,1	63,1
Terra de Trives	19,8	75,8
Terra de Caldelas	15,7	93,9
Galicia	25,8	34,4


Fonte: Elaboración propia a partir dos Indicadores de Poboación do IGE.

Os índices de dependencia xuvenil e senil miden a incidencia da poboación menor de 20 anos e maior de 64 anos, respectivamente, en relación coa poboación potencialmente activa, a comprendida entre os 20 e 64 anos.

Os maiores índices de dependencia xuvenil aparecen no Baixo Miño, 30,7; en Barbanza, 30,5; e no Salnés, 30,1. No que atinxe á dependencia senil, os valores máis altos tenden a producirse nas comarcas menos poboadas, así como naquelas con índice de dependencia xuvenil máis baixo, e destacan Terra de Caldelas, 93,9; Baixa Limia, 77,4; e Terra de Trives, 75,8.

Dentro das sete comarcas máis poboadas de Galicia, as que contan cun maior índice de dependencia xuvenil son: Pontevedra, 28,7, Vigo, 27,6, e Santiago, 27,0, coincidindo coas comarcas menos envellecidas. En canto á dependencia senil neste grupo de comarcas, sobresaen Ourense, 35,6, Ferrol, 35,1, e Lugo, 34,7.

Gráfica 5: Índices de dependencia xuvenil e senil para as sete comarcas máis poboadas de Galicia. 2006.



Fonte: Elaboración propia a partir dos Indicadores de Poboación do IGE.

3.1.3. Poboación estranxeira

Táboa 6: Poboación española e poboación estranxeira. Porcentaxe de poboación estranxeira sobre o total de poboación. 2007.


Comarcas	Poboación Española	Poboación estranxeira	porcentaxe extranxeira/ poboación comarcal
Vigo	400.711	17.314	4,1
A Coruña	370.185	14.431	3,8
Ferrol	160.175	2.754	1,7
Santiago	151.828	5.005	3,2
Ourense	139.264	4.972	3,4
Pontevedra	117.393	3.882	3,2
Lugo	113.453	3.936	3,4
O Salnés	106.460	2.823	2,6
O Morrazo	80.528	1.786	2,2
Bergantiños	69.062	898	1,3
Barbanza	65.966	1.239	1,8
O Baixo Miño	47.757	1.759	3,6
A Terra Chá	45.444	495	1,1
Deza	43.557	1.313	2,9
O Condado	40.108	1.606	3,9
Betanzos	38.452	809	2,1
Ordes	37.786	626	1,6
Noia	35.795	349	1,0
Caldas	34.640	468	1,3
Terra de Lemos	32.946	893	2,6
A Mariña Central	29.089	1.332	4,4
O Carballiño	28.917	842	2,8
Valdeorras	26.893	1.847	6,4
Tabeirós-Terra de Montes	28.342	396	1,4
Verín	26.735	1.813	6,4
A Mariña Occidental	26.747	696	2,5
Eume	26.940	369	1,4
Sarria	24.775	504	2,0
Fisterra	23.745	221	0,9
A Limia	23.232	686	2,9
Terra de Celanova	20.992	644	3,0
Terra de Soneira	19.925	263	1,3
O Ribeiro	19.208	447	2,3
Arzúa	17.934	150	0,8
A Mariña Oriental	16.898	474	2,7
O Sar	16.956	161	0,9
A Paradanta	16.338	458	2,7
Xallas	15.620	147	0,9
Chantada	15.237	336	2,2
Ortegal	14.947	271	1,8
Allariz-Maceda	14.734	281	1,9
Muros	14.833	115	0,8
Terra de Melide	13.588	121	0,9
Os Ancares	12.373	110	0,9
A Barcala	10.918	208	1,9
A Ulloa	10.239	98	0,9
Baixa Limia	8.582	432	4,8
Viana	6.801	357	5,0
A Fonsagrada	6.579	49	0,7
Quiroga	6.351	90	1,4
Meira	5.969	63	1,0
Terra de Trives	5.159	59	1,1
Terra de Caldelas	3.985	44	1,1
Galicia	2.691.091	81.442	2,9

Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.

A poboación estranxeira residente en Galicia ascendeu en 2007 a 81.442 persoas, o que representou un 2,9% da poboación total. As comarcas de Valdeorras, Verín, Viana e Baixa Limia obteñen porcentaxes de poboación estranxeira por riba do 4,5%. Tamén son destacables as porcentaxes acadadas pola Mariña Central, Lugo, A Coruña, Santiago, Ourense, Pontevedra, Vigo, O Condado e O Baixo Miño, ao estaren por riba do 3%.

Das sete comarcas urbanas tan só Ferrol obtén unha porcentaxe por debaixo da media galega, o 1,7% fronte ao 2,9%. Ademais, para as comarcas da Ulloa, O Sar, Xallas, Fisterra, Terra de Melide, Os Ancares, Arzúa, Muros e A Fonsagrada a poboación estranxeira non chega a representar nin un 1% do conxunto da poboación.

Mapa 4: Porcentaxe de poboación estranxeira sobre o total de poboación. 2007.



Fonte: Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de Habitantes. IGE.

3.1.4. Emigración e inmigración

Táboa 7: Emigración e inmigración comarcal. Totais e peso relativo en relación coa poboación. Saldo migratorio e peso relativo en relación coa poboación. 2006.

Comarcas	Inmigración		Emigración		Saldo migratorio	
	Total	% poboación	Total	% poboación	Total	% poboación
Vigo	14.233	3,4	11.957	2,9	2.276	0,5
A Coruña	19.138	5,0	14.852	3,9	4.286	1,1
Ferrol	6.138	3,8	5.684	3,5	454	0,3
Santiago	8.287	5,4	6.109	3,9	2.178	1,4
Ourense	6.719	4,6	6.247	4,3	472	0,3
Pontevedra	4.893	4,0	4.103	3,4	790	0,7
Lugo	4.564	3,9	3.227	2,8	1.337	1,1
O Salnés	3.825	3,5	2.942	2,7	883	0,8
O Morrazo	2.452	3,0	2.407	2,9	45	0,1
Bergantiños	1.891	2,7	1.799	2,6	92	0,1
Barbanza	1.612	2,4	1.401	2,1	211	0,3
O Baixo Miño	2.052	4,2	1.303	2,7	749	1,5
A Terra Chá	1.000	2,2	932	2,0	68	0,1
Deza	1.349	3,0	1.192	2,6	157	0,3
O Condado	2.244	5,5	1.423	3,5	821	2,0
Betanzos	1.586	4,0	1.218	3,1	368	0,9
Ordes	1.300	3,4	1.059	2,8	241	0,6
Noia	944	2,6	968	2,7	-24	-0,1
Caldas	1.144	3,3	1.040	3,0	104	0,3
Terra de Lemos	1.256	3,7	1.163	3,4	93	0,3
A Mariña Central	1.206	4,0	928	3,1	278	0,9
O Carballiño	1.328	4,4	1.019	3,4	309	1,0
Valdeorras	1.182	4,1	1.071	3,7	111	0,4
Tabeirós-Terra de Montes	740	2,6	635	2,2	105	0,4
Verín	1.605	5,6	1.249	4,4	356	1,2
A Mariña Occidental	923	3,4	770	2,8	153	0,6
Eume	749	2,7	817	3,0	-68	-0,2
Sarria	773	3,0	579	2,3	194	0,8
Fisterra	738	3,1	686	2,8	52	0,2
A Limia	951	3,9	894	3,7	57	0,2
Terra de Celanova	1.142	5,3	852	3,9	290	1,3
Terra de Soneira	501	2,5	554	2,7	-53	-0,3
O Ribeiro	759	3,8	745	3,8	14	0,1
Arzúa	370	2,0	411	2,2	-41	-0,2
A Mariña Oriental	667	3,8	501	2,9	166	1,0
O Sar	469	2,7	457	2,7	12	0,1
A Paradanta	654	3,9	523	3,1	131	0,8
Xallas	367	2,3	382	2,4	-15	-0,1
Chantada	413	2,6	396	2,5	17	0,1
Ortegal	317	2,1	414	2,7	-97	-0,6
Allariz-Maceda	638	4,2	511	3,4	127	0,8
Muros	370	2,4	442	3,0	-72	-0,5
Terra de Melide	397	2,9	388	2,8	9	0,1
Os Ancares	256	2,0	409	3,2	-153	-1,2
A Barcala	456	4,1	345	3,1	111	1,0
A Ulloa	284	2,7	287	2,7	-3	0,0
Baixa Limia	523	5,8	437	4,8	86	1,0
Viana	256	3,5	237	3,3	19	0,3
A Fonsagrada	127	1,9	161	2,4	-34	-0,5
Quiroga	187	2,8	192	2,9	-5	-0,1
Meira	143	2,3	157	2,6	-14	-0,2
Terra de Trives	117	2,2	158	2,9	-41	-0,8
Terra de Caldelas	136	3,3	137	3,3	-1	0,0
Galicia	106.371	3,8	88.770	3,2	17.601	0,6

Fonte: Elaboración propia a partir das estatísticas de variación residencial. IGE.

As comarcas que no ano 2006 experimentaron menor emigración, atendendo ao peso desta sobre a poboación total, foron A Terra Chá, 2%, e Barbanza, 2,1%. No lado oposto, é dicir, as comarcas con maior peso porcentual da emigración en relación coa poboación en 2006 son Baixa Limia, 4,8%, e Verín, 4.4%.

Se cinguimos a análise aos saldos migratorios e aos pesos porcentuais que estes representan sobre as poboacións comarcais, O Condado, 2%, e O Baixo Miño, 1,5%, son as comarcas cun saldo relativo máis positivo. No lado oposto están Os Ancares, -1,2%, e Terra de Trives, -0,8%.

Map of Galicia showing the distribution of the number of municipalities per county by population size. The map is color-coded into four categories:

- 2,000 a 4,500 (3)
- 500 a 2,000 (5)
- 0 a 500 (31)
- 160 a 0 (14)

ml 2008 3. contexto comarcal. 3.1 ámbito demográfico

Táboa 8: Emigración e inmigración externa. Totais e peso relativo en relación coa poboación. Saldo migratorio externo e peso relativo en relación coa poboación. 2006.


Comarcas	Emigración		Inmigración		Saldo migratorio externo	
	Total	% poboación	Total	% poboación	Total	% poboación
Vigo	3.759	0,9	6.941	1,7	3.182	0,8
A Coruña	3.927	1,0	7.098	1,9	3.171	0,8
Ferrol	1.534	0,9	2.070	1,3	536	0,3
Santiago	1.579	1,0	2.727	1,8	1.148	0,7
Ourense	1.545	1,1	2.185	1,5	640	0,4
Pontevedra	1.311	1,1	1.948	1,6	637	0,5
Lugo	1.105	0,9	2.022	1,7	917	0,8
O Salnés	1.087	1,0	1.708	1,6	621	0,6
O Morrazo	844	1,0	1.018	1,2	174	0,2
Bergantiños	417	0,6	755	1,1	338	0,5
Barbanza	480	0,7	808	1,2	328	0,5
O Baixo Miño	367	0,8	764	1,6	397	0,8
A Terra Chá	163	0,4	376	0,8	213	0,5
Deza	344	0,8	677	1,5	333	0,7
O Condado	430	1,0	844	2,1	414	1,0
Betanzos	216	0,6	431	1,1	215	0,5
Ordes	188	0,5	395	1,0	207	0,5
Noia	332	0,9	452	1,2	120	0,3
Caldas	192	0,5	405	1,2	213	0,6
Terra de Lemos	388	1,1	536	1,6	148	0,4
A Mariña Central	296	1,0	651	2,1	355	1,2
O Carballiño	276	0,9	609	2,0	333	1,1
Valdeorras	442	1,5	562	1,9	120	0,4
Tabeirós-Terra de Montes	199	0,7	321	1,1	122	0,4
Verín	468	1,6	903	3,1	435	1,5
A Mariña Occidental	229	0,8	445	1,6	216	0,8
Eume	183	0,7	219	0,8	36	0,1
Sarria	156	0,6	337	1,3	181	0,7
Fisterra	241	1,0	361	1,5	120	0,5
A Limia	210	0,9	375	1,6	165	0,7
Terra de Celanova	224	1,0	444	2,0	220	1,0
Terra de Soneira	142	0,7	273	1,3	131	0,6
O Ribeiro	151	0,8	300	1,5	149	0,8
Arzúa	76	0,4	147	0,8	71	0,4
A Mariña Oriental	224	1,3	422	2,4	198	1,1
O Sar	106	0,6	140	0,8	34	0,2
A Paradanta	118	0,7	181	1,1	63	0,4
Xallas	100	0,6	216	1,4	116	0,7
Chantada	78	0,5	165	1,0	87	0,6
Ortegal	79	0,5	168	1,1	89	0,6
Allariz-Maceda	143	1,0	234	1,6	91	0,6
Muros	165	1,1	219	1,4	54	0,4
Terra de Melide	68	0,5	119	0,9	51	0,4
Os Ancares	128	1,0	132	1,0	4	0,0
A Barcala	83	0,7	128	1,1	45	0,4
A Ulloa	72	0,7	92	0,9	20	0,2
Baixa Limia	103	1,1	134	1,5	31	0,3
Viana	75	1,0	129	1,8	54	0,7
A Fonsagrada	51	0,8	70	1,0	19	0,3
Quiroga	68	1,0	87	1,3	19	0,3
Meira	40	0,7	59	1,0	19	0,3
Terra de Trives	50	0,9	40	0,7	-10	-0,2
Terra de Caldelas	29	0,7	40	1,0	11	0,3
Galicia	25.281	0,9	42.882	1,5	17.601	0,6

Fonte: Elaboración propia a partir das estatísticas de variación residencial. IGE.

A emigración externa representou en 2006 un 0,9% do total poboacional en Galicia e a inmigración un 1,5%, acontecendo un saldo migratorio favorable do 0,6% sobre o total da poboación e unha tendencia quinquenal do 0,2%.

No tocante á inmigración externa, destacan Verín, 3,1%, e A Mariña Oriental, 2,4%; A Terra Chá, Eume, Arzúa e O Sar víronse menos influídas en relación coa súa poboación, todas elas con valores do 0,8% sobre o total da poboación, aínda que o valor menor aparece en Terra de Trives, un 0.7%

Mapa 6: Saldo migratorio externo. 2006.



Fonte: Elaboración propia a partir das estatísticas de variación residencial. IGE.

Os saldos migratorios externos destacan en Verín, 1,5%, e na Mariña Central, 1,2%. O único saldo negativo ten lugar en Terra de Trives, -0,2%. Ascende a 18 o número de comarcas que superan a porcentaxe galega de saldo migratorio sobre a poboación total.

Por números absolutos, as comarcas cos mellores saldos migratorios externos son: Vigo (3.182), que compensa amplamente o seu saldo migratorio negativo a nivel interno, e A Coruña (3.171). Pola contra, Terra de Trives obtén o peor resultado cun saldo negativo e Os Ancares un saldo practicamente nulo.

No que se refire á tendencia quinquenal do saldo migratorio externo, o maior descenso ten lugar en Terra de Trives, -0,6%. Os incrementos acadan, na súa totalidade, valores próximos, sendo o máis alto o 0,8% de Verín.



3.1.5. Poboación estimada

Táboa 9: Poboación comarcal estimada en 2008 e 2017. Tendencia 2008-2017.


Comarcas	Poboación estimada 2008	Poboación estimada 2017	Tendencia 2008-2017 %
Vigo	413.801	431.126	2,0
A Coruña	383.562	410.270	3,4
Ferrol	159.189	155.576	-1,3
Santiago	153.181	163.045	3,3
Ourense	139.402	136.768	-1,1
Pontevedra	116.521	120.071	1,5
Lugo	113.492	112.413	-0,8
O Salnés	106.952	110.165	1,4
O Morrazo	81.260	82.555	0,6
Bergantiños	69.102	67.229	-1,7
Barbanza	66.439	66.683	0,0
O Baixo Miño	48.378	50.161	1,7
A Terra Chá	44.685	39.933	-6,3
Deza	45.555	45.424	-0,2
O Condado	40.353	43.641	4,1
Betanzos	38.809	38.219	-1,1
Ordes	38.460	38.366	-0,4
Noia	35.867	35.027	-1,3
Caldas	35.072	35.140	0,1
Terra de Lemos	32.916	30.757	-3,6
A Mariña Central	29.872	29.195	-1,4
O Carballiño	30.002	29.978	-0,2
Valdeorras	29.020	29.537	0,9
Tabeirós-Terra de Montes	28.498	27.619	-1,7
Verín	29.446	30.521	2,0
A Mariña Occidental	26.804	26.222	-1,2
Eume	27.171	26.082	-2,2
Sarria	24.868	23.170	-4,0
Fistera	24.088	23.745	-0,7
A Limia	23.151	21.538	-4,0
Terra de Celanova	21.279	20.152	-2,9
Terra de Soneira	20.484	19.774	-1,9
O Ribeiro	19.651	19.372	-0,7
Arzúa	17.894	17.000	-2,4
A Mariña Oriental	16.791	16.482	-0,9
O Sar	16.948	16.764	-0,6
A Paradanta	16.798	16.288	-1,6
Xallas	16.043	15.359	-2,5
Chantada	15.162	13.958	-4,3
Ortegal	15.288	13.842	-5,4
Allariz-Maceda	14.494	13.296	-4,7
Muros	14.865	14.185	-2,4
Terra de Melide	13.382	12.602	-3,2
Os Ancares	12.239	10.492	-7,8
A Barcala	11.269	11.012	-1,4
A Ulloa	10.656	10.083	-3,0
Baixa Limia	9.013	8.275	-4,5
Viana	6.839	5.902	-7,6
A Fonsagrada	6.245	5.093	-10,9
Quiroga	6.406	5.938	-3,6
Meira	5.700	4.707	-10,2
Terra de Trives	5.006	4.366	-7,0
Terra de Caldelas	3.937	3.409	-7,5
Galicia	2.732.305	2.758.527	0,4

Fonte: Elaboración propia a partir das Proxeccións da Poboación en Galicia. IGE.

Espérase que en 2017 a poboación galega se incremente nun 0,4% respecto á de 2008, o que significa case un estancamento da poboación. A grandes trazos, a perspectiva é que nas comarcas máis poboadas haxa un crecemento leve da poboación (coa excepción de Ferrol, Ourense, Lugo e Bergantiños), mentres que haberá un descenso máis acusado nas comarcas menos poboadas, sobre todo nalgunha das comarcas das provincias de Lugo e Ourense.

Acentuarase a concentración da poboación nas comarcas urbanas, así como a disparidade na distribución poboacional entre comarcas, xa que 41 perderán poboación, especialmente aquelas menos poboadas en 2007. Se en 2007 eran 21 as comarcas que non superaban os 20.000 habitantes, en 2017 a cifra será practicamente igual: 22.

Gráfica 6: Comarcas con maior e menor variación de poboación no período 2008-2017.



Fonte: Elaboración propia a partir das Proxeccións da Poboación en Galicia. IGE.

Como se observa na gráfica anterior, as maiores intensidades de crecemento terán lugar nas comarcas do Condado, 4,1%; A Coruña, 3,4%; Santiago, 3,3%; Vigo e Verín, 2%. As perdas

poboacionais máis significativas acontecerán, en termos relativos en A Fonsagrada, -10,9%; Meira, -10,2%; Os Ancares, -7,8%; Viana, -7,6%; e Terra de Caldelas, -7,5%.

Táboa 10: Poboación comarcal estimada por grupos de idade. Peso relativo 2017.


Comarcas	Peso relativo						
	Menores 16	16-25	26-35	36-45	46-55	56-65	Maiores 65
Vigo	14,8	9,1	12,4	17,0	15,0	12,9	18,9
A Coruña	13,8	8,4	11,9	17,0	15,4	12,9	20,6
Ferrol	12,6	7,7	11,2	16,1	14,6	13,6	24,2
Santiago	14,2	8,8	12,5	17,0	15,6	13,5	18,5
Ourense	11,8	8,0	11,1	14,7	14,9	14,2	25,4
Pontevedra	14,7	9,0	12,4	16,7	14,7	12,9	19,5
Lugo	13,1	8,3	11,5	15,0	15,6	14,0	22,6
O Salnés	14,9	9,4	12,5	16,6	14,4	12,4	19,7
O Morrazo	15,0	9,3	12,5	17,1	15,2	12,7	18,4
Bergantiños	12,3	8,0	11,5	15,3	15,0	13,9	24,0
Barbanza	14,1	9,4	12,3	16,5	15,2	12,2	20,3
O Baixo Miño	15,1	9,7	14,0	17,3	14,1	11,7	18,1
A Terra Chá	10,2	6,6	10,3	13,2	15,0	14,0	30,8
Deza	12,1	7,9	12,1	15,2	14,4	13,2	25,1
O Condado	15,1	9,1	12,6	17,4	14,4	11,7	19,8
Betanzos	11,8	7,2	11,0	15,5	14,9	13,3	26,2
Ordes	12,6	7,9	11,8	16,1	14,7	13,7	23,3
Noia	12,5	8,3	12,1	15,5	14,3	13,1	24,1
Caldas	13,8	8,8	12,7	16,5	14,2	12,6	21,3
Terra de Lemos	10,8	6,9	9,9	12,7	13,8	13,8	32,0
A Mariña Central	12,0	7,2	11,8	15,2	14,6	14,2	25,1
O Carballiño	11,1	7,2	10,5	14,3	13,3	12,8	30,7
Valdeorras	12,0	8,7	11,7	14,1	14,5	13,6	25,4
Tabeirós-Terra de Montes	12,5	7,8	11,0	15,5	13,9	12,3	26,9
Verín	11,4	7,7	11,5	13,8	13,7	13,8	28,2
A Mariña Occidental	12,2	7,5	11,8	15,6	13,8	14,0	25,1
Eume	11,8	7,3	11,8	16,0	15,3	15,0	22,7
Sarria	10,5	6,7	10,5	13,8	14,5	14,4	29,5
Fistera	11,7	8,6	12,1	15,2	14,6	13,8	24,0
A Limia	9,7	6,6	9,6	12,8	13,3	13,9	34,1
Terra de Celanova	8,7	6,1	8,8	12,3	13,5	14,0	36,6
Terra de Soneira	11,4	8,4	11,7	14,2	14,5	14,3	25,5
O Ribeiro	9,5	6,5	9,8	13,2	14,0	14,2	32,8
Arzúa	11,3	7,8	12,7	15,1	14,8	13,3	25,1
A Mariña Oriental	11,4	7,0	11,6	14,9	14,5	13,9	26,7
O Sar	12,6	7,8	12,4	16,2	14,5	13,1	23,4
A Paradanta	10,7	6,7	10,4	14,5	14,7	13,7	29,3
Xallas	11,9	8,1	11,7	15,1	13,8	13,5	25,9
Chantada	10,2	6,9	9,8	12,5	14,6	14,2	31,8
Ortegal	10,2	6,2	9,7	14,0	14,0	13,9	32,0
Allariz-Maceda	10,0	6,7	11,5	14,7	13,5	13,0	30,6
Muros	11,4	7,6	11,6	14,9	14,1	13,7	26,8
Terra de Melide	10,8	7,2	10,8	14,2	15,0	13,7	28,3
Os Ancares	9,4	5,9	11,2	13,5	12,7	13,5	33,7
A Barcala	11,7	7,9	11,3	15,5	13,8	12,6	27,2
A Ulloa	10,5	6,9	10,4	13,4	14,3	12,7	31,7
Baixa Limia	8,2	5,5	8,7	12,0	13,1	13,9	38,5
Viana	9,6	6,6	9,6	11,7	12,7	14,3	35,5
A Fonsagrada	7,4	5,3	9,5	11,7	14,8	14,6	36,5
Quiroga	8,6	5,3	9,6	12,8	12,9	14,2	36,6
Meira	9,1	6,0	9,1	12,6	14,5	13,7	34,8
Terra de Trives	8,6	6,2	9,0	11,3	12,7	14,8	37,4
Terra de Caldelas	8,0	5,7	8,2	11,6	12,3	13,4	40,8
Galicia	13,2	8,3	11,8	15,9	14,8	13,2	22,7

Fonte: Elaboración propia a partir das Proxeccións da Poboación en Galicia. IGE.

As persoas maiores de 65 anos seguen a configurar o intervalo con maior peso porcentual en Galicia: se en 2007 representaban o 20,6%, en 2017 aumentan ata o 22,7%. No tramo de 16 a 35 anos prodúcese unha perda poboacional do 6,8% con respecto a 2007. Os demais grupos etarios incrementan a súa representación.

Os grupos de idade máis novos, os correspondentes á poboación menor de 26 anos, volven obter unha representación máis significativa naquelas comarcas da franxa occidental galega, así como nas que teñen maior volume de poboación, o que consolida o comportamento diferencial que se produce en 2007 respecto á franxa oriental.

Mapa 7: Porcentaxe de poboación maior de 65 anos estimada para 2017.



Fonte: Elaboración propia a partir das Proxeccións da Poboación en Galicia. IGE.

En canto á poboación maior de 65 anos, obsérvase de novo o maior peso porcentual nas comarcas de Terra de Caldelas, 40,8%, e de Baixa Limia, 38,5%.

Se en 2007 eran 28 as comarcas nas que o peso porcentual da poboación maior de 65 anos superaba o 25%, en 2017 o número ascende a 35.